



31 de Decembro  
Saída ás 16:30 horas  
no Parque Náutico de Galicia

XIII Carreira Pedestre  
**SAN SILVESTRE**  
Castrelo de Miño 2011

Image © 2011 DigitalGlobe  
Image © 2011 GeoEye  
© 2011 Tele Atlas

Google earth

Fecha de las imágenes: 4/13/2010 2001 42°17'32.73" N 8°05'35.68" O elev. 146 m Alt. ojo 1.83 km

Gráfico: min., media, máx. Elevación: 87, 98, 124 m  
Total de intervalo: Distancia: 2.24 km Incremento/pérdida de elevación: 43 m, -43.8 m Pendiente máxima: 16.5%, -18.9% Pendiente media: 3.2%, -4.6%



31 de Decembro  
Saída ás 16:30 horas  
no Parque Náutico de Galicia



CONCELLO DE  
CASTRELO DE MIÑO



XIII Carreira Pedestre  
**SAN SILVESTRE**  
Castrelo de Miño 2011

**REGULAMENTO DA PROBA DEPORTIVA**  
**“XIII Carreira Pedestre Popular San Silvestre de Castrelo de Miño”**

A “XIII Carreira Pedestre Popular San Silvestre de Castrelo de Miño” é unha proba oficial da Federación Galega de Atletismo organizada polo Concello de Castrelo de Miño e a delegación Ourenzá da Federación Galega de Atletismo. Celébrase o sábado 31 de decembro de 2011, a partir das 16:30 h. no concello de Castrelo de Miño e a hora prevista de finalización son as 18:30 horas.

**1. SAÍDA- CHEGADA**

A saída e chegada da proba serán no mesmo punto, situado no Parque Náutico de Galicia en Castrelo de Miño.

**2. HORARIO**

- Categorias Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete, sairán ás 16:30 horas.
- Categorias Xuvenil, Junior, Promesa e Senior/Veterano, sairán ás 16:40 horas.

**3. PERCORRIDO**

A proba absoluta consistirá en 1 volta a un circuíto de 7400 metros por estrada, zahorra compactada e chan pavimentado e para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete 1 volta de 2200 metros por estrada, zahorra compactada e chan pavimentado.

Achéganse os mapas do percorrido e o seu perfil nos Anexos I e II.

**4. INSCRICIÓN**

Os participantes poden inscribirse na web da Federación Galega de Atletismo [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org), nas oficinas municipais do Concello de Castrelo de Miño sitas no albergue do Parque Náutico de Castrelo de Miño ou no teléfono 988 493 000 en horario de 8:30 a 15:00 horas.

A inscrición pecharase o 28 de decembro ás 22:00 horas.

**5. RECOLLIDA DE DORSAIS**

O mesmo día da carreira dende as 15:00 ata as 16:00 horas na zona de saída e meta.

**6. CATEGORÍAS**

<b>Categoría</b>	<b>Idades</b>	<b>Distancia</b>
BENXAMIN	8 e 9	2200 m.
ALEVIN	10 e 11	2200 m.
INFANTIL	12 e 13	2200 m.
CADETE	14 e 15	2200 m.
XUVENIL	16 e 17	7400 m.
JUNIOR	18 e 19	7400 m.
PROMESA	20,21 e22	7400 m.
SENIOR	23 ou mais	7400 m.
VETERANO	35 ou mais	7400 m.

**7. PREMIOS**

Medallas para os tres primeiros clasificados en cada categoría masculino e feminino.

Vales de material deportivo para os 3 primeiros clasificados na Carreira Absoluta masculino e feminino.

## **8. OUTRAS**

A Organización non se fai responsable de danos morais e materiais que a si mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes da proba.


Segundo a normativa da Federación Galega de Atletismo para probas autonómicas, non se autorizará a participación de atletas federados estranxeiros.

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non mais tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados. Se son desestimadas por este, poderase presentar reclamación por escrito e acompañada dun depósito de 60€ ao Xurado de Apelación.

Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar o dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.

Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

**ANEXO I. Percorrido e perfil da “XIII Carreira Pedestre Popular San Silvestre de Castelo de Miño”,  
Categorías Xuvenil, Junior, Promesa e Senior/Veterano.**



**ANEXO II. Percorrido e perfil da “XIII Carreira Pedestre Popular San Silvestre de Castrelo de Miño”,  
Categorías Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete.**

